



REGISTRO XERAL	027
DATA	07/04/2014

Curuxeiras, 7 de Abril de 2014

Don José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, con domicilio a efectos de notificacións oficiais en rúa da Torre 2B, actuando en nome y dereito da asociación de veciños "Laxas", con CIF G32031544.

EXPÓN: Que o pasado día 14 de marzo de 2014, venceu o prazo no que o órgano administrativo debeu ditar resolución a solicitude presentada pola asociación de veciños Laxas con número de rexistro do Concello de Ourense nº 2013053405 de data 13.12.2013, expediente nº 2013014461, sobre limpeza de rúas, de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segun o cal:

"1. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen haberse notificado resolución expresa, lexítima ou interesado ou interesados que houberan deducido a solicitude para entendela estimada ou desestimada por silencio administrativo, segun proceda sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 4 deste artigo.

2.Os interesados poderán entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes en tódolos casos, salvo que unha norma con rango de Lei ou norma de Dereito Comunitario Europeo estableza o contrario. Quedan exceptuados desta previsión, os procedementos do exercicio de dereito de petición, o que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivera como consecuencia que se transfiran o solicitante ou a terceiros facultades relativas o dominio público ou o servizo público, así como os procedementos de impugnación de actos e disposicións no que o silencio terá efecto desestimatorio.

Non obstante cando o recurso de alzada se axa interposto contra a desestimación por silencio administrativo de unha solicitude por transcurso do prazo, entenderase estimado o mesmo se chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente, non ditase resolución expresa sobre o mesmo.

3.A estimación por silencio administrativo ten a tódolos efectos a consideración de acto administrativo finalizado do procedemento.

A desestimación por silencio administrativo ten os solos efectos de permitir os interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

4.A obrigaón de ditar resolución expresa a que se refire o apartado primeiro do artigo 42 suxeitarase o seguinte réxime:

a)Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior a produción do acto solo poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo..

b) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior o vencemento do prazo adoptarse pola Administración sen vinculación algunha o sentido do silencio.



